

Resolución pola que se procede á execución da sentenza correspondente ao P.A. 300/2012 en relación co proceso selectivo para a provisión de catro prazas de condutor vacantes na Relación de Postos de Traballo de persoal laboral desa Universidade convocado por Resolución Reitoral do 18.02.2011.

FEITOS

A Universidade da Coruña convocou probas selectivas, pola quenda de promoción interna e pola quenda libre, para a provisión de catro prazas de condutor vacantes na Relación de Postos de Traballo de persoal laboral desa Universidade por Resolución Reitoral do 18.02.2011 (BOE nº 56, do 7 de marzo).

O 11 de abril de 2012 o tribunal cualificador do proceso selectivo publica a relación definitiva do terceiro exercicio e as puntuacións da fase de concurso. Segundo resulta da Acta nº 15 se publican as puntuacións provisionais da fase de concurso dos opositores. Os aspirantes Neira Rodríguez, Canto Vázquez e Fernández Barcia, solicitaron a revisión das súas cualificacións.

O 25.04.2012 o tribunal do proceso selectivo resolve sobre as reclamacións presentadas estimando a pretensión do Sr. Canto Vázquez e desestimando o interesado polo Sr. Neira Rodríguez. Na Acta nº 16 constan as puntuacións definitivas da fase do concurso, en concreto:

Nome e apelidos	antigüidade	Formación	TOTAL
A. Canto Vázquez	25,65	10	35,65
JC. Neira Rodríguez	10,55	8,75	19,3
L.M. Losada Bugallo	30	4,5	34,5
M. Costa Fernández	30	4,25	34,25
A. Fanego Pereira	7,8	10	17,8

O 3 de maio de 2012 o tribunal procede á publicación da relación definitiva de puntuacións do proceso selectivo e o 10 de maio se publica a relación de aspirantes seleccionados coa proposta ao Reitor de formalización das correspondentes contratacións.

O aspirante, Sr. Neira Rodríguez, que non obtivo praza, interpón recurso de alzada contra o Acordo do tribunal cualificador do 10.05.2012. O dito recurso foi estimado parcialmente e por Resolución Reitoral do 18.10.2012 se deixou sen efecto o precitado acordo do 10 de maio e se dispuxo a retroacción das actuacións coa finalidade de proceder á valoración da antigüidade con estrita suxeición ás bases da convocatoria. A dita valoración consta no subseguente Acordo do tribunal do proceso selectivo do 19.11.2012, Acta nº 19:

Nome e apelidos	antigüidade	Formación	TOTAL
A. Canto Vázquez	0	10	10
JC. Neira Rodríguez	8,75	8,75	17,5
L.M. Losada Bugallo	30	4,5	34,5
M. Costa Fernández	30	4,25	34,25
A. Fanego Pereira	0	10	10

Tal acordo foi impugnado polo Sr. Canto Vázquez que formulou recurso de alzada que foi desestimado por Resolución Reitoral do 11.03.2013. Fronte a desestimación do recurso de alzada recorreu o Sr. Canto á orde xurisdiccional contencioso administrativa, tramitándose como PA 300/2012 perante o Xulgado nº 1 do contencioso desta cidade que o 20.05.2013 ditou sentenza na que se ordenaba a retroacción das actuacións do proceso selectivo á fase de valoración da antigüidade.

A dita sentenza foi recorrida en apelación pola administración demandada, polo demandante -Sr. Canto Vázquez- e polo codemandado, Sr. Neira Rodríguez. Con data do 29.01.2014 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou sentenza no recurso de apelación 354/2013 en cuxa parte dispositiva se establece a revogación da sentenza de instancia nos seguintes termos: *“que al recurrente apelado, Arturo José Canto Vázquez, han de serle valorados los servicios prestados como conductor debiéndole ser reconocidos por este concepto 25,65 puntos”*.

Por Dilixencia do 28.02.2014 o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 da Coruña testemuñou a firmeza da sentenza ditada polo TSXG no precitado recurso de apelación.



O 7 de maio de 2014 o Sr. Canto Vázquez solicitou a execución da sentenza e con data do 22.05.2014 o dito xulgado requiriu á Administración aos efectos de acreditar a execución interesada.

Por Resolución Reitoral de data do 2 de xuño de 2014 a Universidade resolveu:

“1. Deixar sen efecto o Acordo do tribunal cualificador do proceso selectivo adoptado o 19 de novembro de 2012 polo que se establecían as puntuacións definitivas da fase de concurso do proceso selectivo convocado pola Resolución Reitoral do 18.02.2011. As puntuacións definitivas da fase de concurso serán, en todo caso, as recollidas no Acordo adoptado o 25.04.2012 polo tribunal cualificador coas consecuencias inherentes relativas á configuración da listaxe de agarda, que queda configurada como recolle o Anexo II.

2. Modificar a Resolución Reitoral do 17.12.2012 pola que se publica a relación definitiva de persoas aprobadas no proceso selectivo nos termos expresados no Anexo I.

3. Conferir ao Sr. Canto Vázquez un prazo de 20 días naturais a contar dende o día seguinte ao da publicación da presente Resolución no Diario Oficial de Galicia para os efectos de cumprir as esixencias recollidas na base 11 da Resolución Reitoral do 18.02.2011 pola que se convocou o proceso selectivo para a provisión de catro prazas de condutor vacantes na Relación de Postos de Trballo de persoal laboral desa Universidade (BOE nº 56, do 7 de marzo).

A toma de posesión do Sr. Canto Vázquez comportará o cese do Sr. Neira Rodríguez así como a revogación do seu nomeamento primeiro como persoal laboral fixo da UDC e, tras a superación do proceso de funcionarización, como funcionario de administración e servizos da UDC.

4. Publicar a presente Resolución no Diario Oficial de Galicia.

5. Notificar a presente Resolución ao Sr. Canto Vázquez e ao Sr. Neira Rodríguez’.

A precitada Resolución Reitoral foi impugnada polo Sr. Neira Rodríguez quen promoveu incidente de execución de sentenza que se tramitou perante o Xulgado nº 1 do Contencioso desta cidade como execución de títulos xudiciais 13/2014. O dito incidente foi desestimado polo Auto nº 35/2015 do 19.03.2015 que considerou plenamente axustada a dereito a Resolución Reitoral impugnada.

O Sr. Neira Rodríguez recorreu perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en apelación o dito Auto. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou a sentenza nº 96/2016 no recurso de apelación 359/2015 o 17.02.2016 pola que desestimaba na súa integridade o recurso de apelación presentado polo Sr. Neira Rodríguez confirmando integramente o Auto recorrido. Con data do 12.04.2016 (notificado o 15.04.2016) o Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 desta cidade emitiu certificación de firmeza do Auto nº 35/2015.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. A lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa establece no artigo 103.2 a obriga das partes de cumprir as sentenzas na forma e termos que nestas se consignan e no artigo 104.1 dispón que: *“luego que sea firme una sentencia, se comunicará en el plazo de 10 días al órgano que hubiera realizado la actividad objeto del recurso, a fin de que, una vez acusado recibo de la comunicación en idéntico plazo desde la recepción, la lleve a puro y debido efecto y practique lo que exija el cumplimiento de las declaraciones contenidas en el fallo”.*

A sentenza ditada polo TSXG establece no FX sétimo que: *“(…) hemos de concluir que la Universidad de A Coruña se ajustó estrictamente a las determinaciones de la misma, al llevar a cabo una valoración de la antigüedad de los tres participantes en liza, ya que, como venimos manteniendo, no puede excluirse al Sr. Fanego –como pretende el recurrente- cuando a este tampoco se le había valorado la experiencia en otra administración pública cuando en ambas sentencias se anuló expresamente la base que establecía la diferente valoración de la experiencia, por resultar contrario al principio de igualdad que se ha de observar en el acceso a los empleos públicos ... sin que podamos compartir que resulte contrario al principio de irrevocabilidad de los actos administrativos que devinieron firmes y consentidos cuando en puridad los mismos*

traen causa de un acto nulo (Art. 62 letra a- de la LPAC) por lo que se impone la íntegra desestimación del recurso y la confirmación del Auto apelado”.

No presente caso, vista a obrigada retroacción de actuacións realizada en execución de sentenza, cómpre finalizar o proceso selectivo de referencia. Tal circunstancia leva de seu a necesidade de convocar aos aspirantes que superaron o proceso selectivo á elección de posto segundo a orde de prelación resultante das súas puntuacións que se atopa recollida no Anexo I da Resolución Reitoral do 2.06.2014 que resultou integramente confirmada. Do dito Anexo resulta a seguinte orde:

NOME E APELIDOS	OPOSICION	ANTIGÜIDAD E	FORMACIÓ N	CONCURS O	TOTAL
COSTA FERNANDEZ, MANUEL	53,25	30	4,25	34,25	87,5
LOSADA BUGALLO, LUIS MANUEL	42,607	30	4,5	34,5	77,107
CANTO VAZQUEZ, ARTURO JOSE	34,25	25,65	10	35,65	69,9
FANEGO PEREIRA, ALBERTO	41,5	7,8	10	17,8	59,3

Segundo. A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece no seu artigo 66 que no caso de declararse a nulidade ou anularse as actuacións, dispórase a conservación daqueles actos e trámites cuxo contido de tivera mantido igualmente de non ter existido infracción.

De acordo cos principios de economía procesual e de conservación dos actos administrativos, se manteñen os actos administrativos de nomeamento, elección de posto e toma de posesión relacionados co dito proceso selectivo correspondentes aos aspirantes que se relacionan de seguido: Luís Manuel Losada Bugallo e Manuel Costa Fernández (respectivamente postos código 38 e 39 da vixente RPT da UDC).

Á vista do exposto, esta Xerencia, ao abeiro do disposto no artigo 40 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, e da Resolución Reitoral de delegación de competencias do 12 de xaneiro de 2016, **RESOLVE**

1. Convocar aos Sres. Canto Vázquez e Fanego Pereira, segundo a orde de prelación resultante das súas puntuacións tal e como figuran no Anexo I da Resolución Reitoral do 2.06.2014, a elección de posto de entre os restantes, isto é, postos código: 40 e 41 da vixente RPT da UDC.
2. Publicar a presente Resolución no Taboleiro electrónico oficial da UDC (artigo 13 e seguintes do regulamento de creación e ordenación da sede electrónica da UDC aprobado por acordo do consello de goberno do 27.06.2012, modificado 28.11.2014 -DOG 241, do 17 de decembro de 2014-)
3. Notificar a presente Resolución ao Sr. Canto Vázquez e ao Sr. Fanego Pereira con indicación da data, hora e lugar na que se realizará o acto de elección de posto.

Contra a presente Resolución, que se dita en execución de sentenza, non cabe recurso ningún, agás as actuacións que os interesados podan promover perante o Xulgado nº 1 do Contencioso Administrativo da Coruña

En A Coruña, a 26 de xullo de 2016

O Reitor
PD: O Xerente (RR12.01.2016)

Juan Manuel Díaz Villoslada